

#### Artigo 4. *Réxime xurídico básico.*

1. A xestión directa do servizo axustarase ao establecido na Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, do Estatuto da Radio e a Televisión, e na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora do terceira canle de televisión, e ao que, se é o caso, estableza a normativa que a substitúa. Así mesmo, será de aplicación o disposto na Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, e as súas sucesivas modificacións. No relativo a contidos, será de aplicación a Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, e as súas sucesivas modificacións.

2. A xestión indirecta do servizo por entidades privadas axustarase ao disposto na Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, no non modificado pola disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, e, en particular, ao establecido no seu capítulo II, sobre o réxime xurídico da concesión; no seu capítulo III, sobre as sociedades concesionarias, e no seu capítulo IV, sobre o réxime de infraccións e sancións. Así mesmo, será de aplicación o disposto na Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, e as súas sucesivas modificacións, e no relativo a contidos, a Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, e as súas sucesivas modificacións.

#### Artigo 5. *Contido mínimo do Regulamento técnico e de prestación do servizo de televisión dixital terrestre.*

1. Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio aprobarase, en cumprimento do disposto na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, e no artigo 25 da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, o regulamento técnico e de prestación do servizo de televisión dixital terrestre.

2. Neste regulamento regularanse, tanto para a xestión directa como para a xestión indirecta, ao menos, os seguintes aspectos: o réxime de prestación do servizo, no cal se incluírán as normas técnicas de transmisión das estacións de televisión dixital terrestre, así como a normativa de telecomunicacións aplicable en materia de utilización do dominio público radioeléctrico e as obrigacións mínimas sobre contidos, que, se é o caso, fixe a Administración competente.

3. Canto á xestión indirecta do servizo, o Regulamento técnico e de prestación do servizo establecerá que os pregos de bases administrativas e condicións técnicas de explotación do servizo regulen, como mínimo, os seguintes aspectos: os dereitos e obrigas dos titulares de concesións, a delimitación do servizo obxecto da concesión con indicación expresa das frecuencias ou bandas de frecuencias asignadas para a prestación do servizo e as facultades reservadas ás administracións públicas competentes en materia de outorgamento do título habilitante, modificación, inspección, supervisión e réxime sancionador.

Disposición adicional única. *Réxime xurídico básico da xestión indirecta de televisión privada local nas cidades de Ceuta e Melilla.*

1. Con carácter previo á aprobación do prego de bases administrativas e condicións técnicas de explotación do servizo a que se refire o artigo 5 deste regula-

mento xeral e á convocatoria do correspondente concurso, as cidades de Ceuta e Melilla, en desenvolvemento das competencias que lles atribúen as leis orgánicas 1/1995 e 2/1995, do 13 de marzo, dos respectivos estatutos de autonomía, ditarán as normas regulamentarias necesarias para a organización do servizo, que se suxeitarán ao disposto na normativa básica do Estado, neste regulamento e nas súas normas de desenvolvemento.

2. En particular, a regulamentación básica do servizo establecerá:

a) O procedemento para a solicitude da concesión, a convocatoria do correspondente concurso e o órgano competente para resolvelo.

b) A adxudicación provisoria, a exigencia de aprobación pola Administración xeral do Estado competente en materia de telecomunicacións do correspondente proxecto técnico e a posterior concesión definitiva.

c) O prazo de duración da concesión, concordado co do dereito de ocupación do dominio público radioeléctrico.

d) Os dereitos e obrigas do concesionario.

3. En relación co exercicio da potestade sancionadora que lles atribúen a ambas as cidades as leis orgánicas anteriormente citadas, estas cidades poderán aplicar as infraccións tipificadas na lexislación estatal que regula o réxime xurídico da televisión que sexan aplicables.

**13115** *REAL DECRETO 946/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba a incorporación dunha nova canle analóxica de televisión no Plan técnico nacional da televisión privada, aprobado polo Real decreto 1362/1988, do 11 de novembro. («BOE» 181, do 30-7-2005.)*

A Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, regula a xestión indirecta do servizo de televisión, que é considerado un servizo público esencial, cuxa titularidade lle corresponde ao Estado.

O seu artigo 5 establece a necesidade de aprobar un plan técnico nacional da televisión privada cuxo obxectivo é regular, entre outras, as condicións de carácter técnico que sexan necesarias para garantir a adecuada prestación do servizo de televisión.

O Plan técnico nacional da televisión privada foi aprobado, mediante o Real decreto 1362/1988, do 11 de novembro, no cal se establecían as condicións técnicas que debían cumprir as tres entidades concesionarias que, como máximo, prevía o artigo 4.3 da referida lei na súa redacción orixinal.

A Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, modificou a Lei 10/1988, do 3 de maio, suprimindo de maneira expresa o indicado límite de tres concesións administrativas para a prestación de servizos de televisión terrestre cunha cobertura nacional.

Os estudos e as actuacións de planificación radioeléctrica levados a cabo polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio posibilitaron a planificación dunha nova canle analóxica de televisión cunha cobertura suficiente no territorio nacional. Por tanto, e de conformidade co previsto no artigo 5 da Lei 10/1988, do 3 de maio, procede a incorporación ao Plan técnico nacional da televisión privada da nova canle analóxica de televisión de cobertura estatal.

Mediante este real decreto determínanse, ademais, as condicións de carácter técnico que son necesarias para a adecuada prestación do servizo de televisión na nova canle, en particular, o sistema de difusión de sinais pre-

visto, as bandas, canles, frecuencias e potencias reservadas para a emisión da canle, para conseguir a cobertura das diversas poboacións e localidades que se sinalan.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2005,

#### DISPÓN O:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a aprobación da incorporación dunha nova canle analóxica de televisión de cobertura estatal ao Plan técnico nacional da televisión privada, así como a determinación das condicións de carácter técnico que son necesarias para a adecuada prestación do servizo de televisión na nova canle, en particular, o sistema de difusión de sinais previsto, as bandas, canles, frecuencias e potencias reservadas para a emisión da canle, para conseguir a cobertura das diversas poboacións e localidades que se sinalan.

##### Artigo 2. *Incorporación dunha nova canle analóxica de televisión de cobertura estatal.*

1. Apróbase a incorporación ao Plan técnico nacional da televisión privada, aprobado polo Real decreto 1362/1988, do 11 de novembro, dunha nova canle analóxica de televisión de cobertura estatal.

2. Para os efectos deste real decreto, defínese como canle analóxica de televisión a capacidade de transmisión que se utiliza para a difusión dun programa analóxico de televisión.

##### Artigo 3. *Condicións establecidas noutras disposicións ás cales se suxeita o nova canle.*

1. As condicións en que se efectúa a incorporación da nova canle analóxica de televisión de cobertura estatal ao Plan técnico nacional da televisión privada son as determinadas polas disposicións seguintes:

a) As disposicións internacionais aplicables na materia, fundamentalmente os acordos de Estocolmo, de 1961, e de Xenebra, de 1989.

b) As asignacións de canles e frecuencias outorgadas ao Ente Público Radiotelevisión Española para os emisores e reemisores correspondentes ás súas dúas canles de televisión.

c) O Plan nacional de cobertura da terceira canle de televisión, de acordo co establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión.

d) O Plan técnico nacional de televisión privada, aprobado mediante o Real decreto 1362/1988, do 11 de novembro.

e) O Plan técnico nacional de televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 944/2005, do 29 de xullo.

f) O Plan técnico nacional de televisión dixital local, aprobado polo Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, modificado polo Real decreto 2268/2004, do 3 de decembro.

2. En todo momento a prestación do servizo de televisión pola nova canle deberá respectar o establecido nas disposicións enumeradas no número 1 e as súas modificacións futuras.

##### Artigo 4. *Características técnicas e zona de servizo.*

A nova canle analóxica de televisión de cobertura estatal que mediante este real decreto se incorpora ao

Plan técnico nacional da televisión privada ten as seguintes condicións e características técnicas:

a) As características técnicas das estacións emisoras ou reemisoras necesarias para a cobertura das poboacións e localidades son as que figuran no anexo.

b) As características técnicas que se determinan no anexo para as estacións emisoras estarán suxeitas ás modificacións que puideren derivar do previsto na disposición derradeira segunda.

c) A zona de servizo da nova canle comprende as poboacións e localidades que figuran no anexo.

d) A cobertura total estimada do nova canle é dun 70 por cento de toda a poboación.

##### Artigo 5. *Fases de cobertura.*

A prestación do servizo de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica de cobertura estatal mediante a nova canle incorporada ao Plan técnico nacional da televisión privada a través deste real decreto deberase iniciar nas localidades de Madrid e Barcelona no prazo máximo de seis meses desde o outorgamento da concesión.

##### Artigo 6. *Aprobación dos proxectos técnicos.*

1. As solicitudes de aprobación dos proxectos técnicos das instalacións necesarias para a adecuada prestación do servizo de televisión na nova canle, que deberán cumprir as características técnicas establecidas no anexo, presentaranse con carácter previo ao comezo da prestación do servizo. O prazo para examinar os proxectos técnicos e notificar a resolución será de tres meses.

2. De conformidade co disposto polo artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, transcorrido o prazo sinalado no número anterior sen que se notifícase a resolución expresa, os interesados estarán lexitimados para entender desestimada a súa solicitude.

3. Cando as características técnicas das instalacións deban ser modificadas por compatibilidade radioelétrica, por uso eficiente do espectro radioelétrico ou por coordinación radioelétrica internacional, tramitarase o correspondente procedemento administrativo de acordo co previsto no artigo 21 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioelétrico, na redacción dada a este artigo pola disposición derradeira primeira do Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios.

##### Artigo 7. *Inspección técnica das instalacións.*

1. Finalizadas as instalacións e con carácter previo ao comezo da prestación do servizo, solicitarase a inspección técnica das instalacións. O prazo para verificar que as instalacións se axustan ao proxecto técnico aprobado será de tres meses.

2. De acordo co establecido no artigo 45.4 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, as instalacións non poderán ser postas en servizo mentres non se resolva favorablemente sobre a verificación. Non obstante, no momento en que se comunique a finalización das instalacións e se demande a súa inspección técnica, poderase solicitar a autorización para realizar emi-

sións temporais en probas e, en tal caso, só se poderán efectuar nas condicións que se establezan.

3. A Administración xeral do Estado poderá, en calquera momento, inspeccionar as instalacións. A entidade responsable das instalacións estará obrigada a subministrar tanta información lle sexa requirida de conformidade co artigo 9 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. Así mesmo, a entidade responsable das instalacións estará obrigada a cumprir as instrucións que deriven da inspección para adaptarse ás características técnicas autorizadas ou para resolver as situacións de interferencias prexudiciais.

#### Artigo 8. *Coordinación internacional de frecuencias.*

A utilización das canles radioeléctricas, para as cales a Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información non completase aínda os trámites de coordinación internacional de frecuencias estará condicionada á non-produción de interferencias a outras estacións inscritas nos plans de Estocolmo, de 1961, e de Xenebra, de 1989, de acordo cos procedementos regulamentarios establecidos nos seus respectivos acordos rexionais de radiodifusión por ondas métricas e decimétricas.

#### Artigo 9. *Cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.*

As emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica de cobertura estatal que realice a nova canle incorporada ao Plan técnico nacional da televisión privada cesarán antes do 3 de abril de 2010, de conformidade co establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

#### Disposición transitoria única. *Exercicio de funcións até a constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións.*

As competencias e funcións administrativas a que se refiren os artigos 6 e 7 deste real decreto serán exercidas polos órganos competentes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio até a efectiva constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, momento en que, de conformidade co disposto no artigo 47 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, pasará a corresponder o seu exercicio a ese organismo.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

#### Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario e aplicación.*

O ministro de Industria, Turismo e Comercio ditará, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

#### Disposición derradeira segunda. *Autorización para resolver sobre axustes e adaptacións técnicas.*

1. Autorízase os órganos competentes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para resolver sobre os axustes ou adaptacións técnicas necesarias tendo en conta os resultados da coordinación internacional e para resolver os problemas de incompatibilidade radioeléctrica que deriven da posta en servizo das estacións emisoras.

2. De acordo co establecido no artigo 47 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, esta autorización entenderase conferida á Axencia Estatal de Radiocomunicacións cando se produza a efectiva constitución deste organismo.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 29 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,

JOSÉ MONTILLA AGUILERA

#### ANEXO

Neste anexo exprésanse as características técnicas das estacións emisoras ou reemisoras necesarias para a cobertura das localidades que se indican:

Pv	Localidade	Canle	Desprazamento portadora	p.r.a (kW)	Pol.
A	Alacant/Alicante	30	10P	1	H
A	Alacant/Alicante-centro	24	4P	0.06	H
A	Alcoy	37	0	0.02	H
A	Benidorm	33	0	0.8	H
A	Benimeli	39	0	0.8	V
A	Benitachell	29	-	1	V
A	Elda	27	-	0.8	H
A	Orihuela	22	4P	0.3	V
A	Villena	31	4P	0,16	H
AB	Albacete	37	8P	25	H
AB	Hellin	45	8P	1	H
AL	Almería	50	4P	10	H
AL	Almería-Pescadería	45	8P	0.02	H
AL	Cuevas de Almanzora	27	4P	6	V
AL	Dalias / El Ejido	25	8P	0.2	H
AV	Ávila	37	0	1	H
B	Barcelona	57	4P	5	H
B	Mataró	22	4P	1	H

Pv	Localidade	Canle	Desprazamento portadora	p.r.a (kW)	Pol.
B	Vic	21	-	1,7	H
B	Igualada	35	4P	0,3	H
B	Manresa	33	8P	0,8	H
B	Vilanova i La Geltrú	24	-	0,8	V
BA	Badajoz	25	4P	0,6	V
BA	Mérida	21	8P	0,2	H
BA	Jerez de los Caballeros	41	4P	1	H
BI	Bilbao-Leste	40	6P	1,6	V
BI	Bilbao-Oeste	29	-	5	H
BU	Burgos	40	8P	1,2	H
BU	Aranda de Duero	23	-	20	H
BU	Miranda de Ebro	44	4P	2,6	V
C	A Coruña	42	10P	8	H
C	Santiago de Compostela	48	4P	10	H
C	A Coruña-Oeste	56	4P	0,125	H
C	Carballo	34	8P	0,5	H
CA	Cádiz /Jerez de la Frontera	58	10P	3,2	H
CA	La Línea de la Concepción	61	4P	33	H
CA	Villamartín	25	-	1,4	H
CC	Don Benito/Villanueva de la Serena	43	6P	8	H
CC	Cáceres	41	4P	0,2	H
CC	Plasencia	44	4P	0,8	H
CE	Ceuta	23	8P	0,3	V
CO	Córdoba	36	4P	0,3	H
CO	Hinojosa del Duque	26	0	8	H
CR	Ciudad Real	57	4P	1,8	H
CR	Alcázar San Juan	21	-	110	H
CR	Puertollano	41	4P	0,08	H
CR	Valdepeñas	28	-	30	H
CS	Castellón de la Plana	34	0	5,5	H
CS	Vinarós	55	8P	1,2	V
CU	Cuenca	58	0	1,1	H
GC	Teide/Sta. Lucía de Tirajana	48	6P	0,3	H
GC	Las Palmas de Gran Canaria	50	6P	16	H
GC	Arrecife	24	-	1	V
GC	Rosario	29	4P	1,1	H
GI	Girona	57	6P	54	H
GR	Granada	42	8P	48	H
GR	Baza	33	-	5,2	H
GU	Guadalajara	39	6P	1,5	V
H	Huesca	47	6P	8	H
HU	Huelva	21	8P	10	H
HU	Huelva-noroeste	38	4P	0,008	H
IB	Palma de Mallorca	39	6P	10	H
IB	Calvià	29	6P	0,1	H
IB	Mahón/Ciudadella de Menorca	35	8P	10	H
IB	Eivissa	32	8P	5	V
J	Jaén	51	8P	3,2	H
L	Lleida	30	6P	9	H
LE	León	32	0	1,5	H
LE	Ponferrada	37	4P	0,8	H
LE	Valencia de Don Juan	31	-	3,6	V
LO	Logroño	44	8P	12	H
LO	Arnedo/Calahorra	30	-	2,6	H
LU	Lugo	38	4P	25	H
M	Madrid	33	4P	7	H
M	Madrid-noroeste	30	4P	0,8	H
M	Madrid-sudoeste	61	8P	0,08	H
M	Collado-Villalba	30	4P	0,3	H
M	Móstoles	23	8P	0,2	H
MA	Málaga	48	8P	3,2	H
MA	Antequera	28	-	0,08	H
MA	Comares	50	4P	1,5	V
MA	Marbella	38	0	0,2	H
MA	Pizarra	28	8P	0,6	H
MA	Ronda	21	4P	0,4	H
ML	Melilla	30	0	0,08	H
MU	Murcia/Cartagena	23	2P	1,6	H
MU	Cieza	32	0	3	H

Pv	Localidade	Canle	Desprazamento portadora	p.r.a (kW)	Pol.
NA	Pamplona	31	0	1	V
O	Oviedo/Gijón	54	6P	8.5	H
O	Gijón-sur	34	4P	0.025	V
O	Oviedo-norte	50	4P	0.16	H
O	Avilés	48	4P	0.8	V
O	Navia	21	4P	7.5	V
O	Mieres	21	4P	0.3	V
OU	Ourense	46	8P	1.2	H
P	Palencia	23	6P	1	H
PO	Vigo	50	8P	0.6	H
PO	Pontevedra	62	0	1.8	H
PO	Cañiza, A	51	0	1	V
PO	Catoira	41	4P	0.08	V
S	Santander	65	0	7	H
S	Santander-norte	39	4P	0.04	V
S	Torrelavega	23	4P	10	V
SA	Salamanca	46	4P	1	H
SE	Sevilla	26	8P	6.5	H
SE	Écija	22	-	0.08	H
SG	Segovia	40	0	0.9	H
SO	Soria	40	0	1.9	H
SS	San Sebastián	30	4P	0.15	H
SS	Beasain	56	-	1	H
T	Tarragona	48	6P	9	H
T	Tortosa	24	8P	0.5	V
T	El Vendrell	55	8P	2.2	H
TE	Teruel	45	0	1.8	H
TF	Tenerife	50	6P	83	H
TF	Tenerife-La Salud	48	4P	0.03	H
TF	Cristianos, Los	51	-	1	H
TF	Paso, El	43	4P	0.6	V
TF	Realejos	44	8P	1.2	H
TF	San Sebastián de la Gomera	30	0	0.008	H
TF	Santa Cruz de la Palma	22	0	0.05	V
TF	Valverde	43	8P	0.008	H
TO	Toledo	48	4P	1	H
TO	Talavera de la Reina	29	8P	5	H
V	Valencia	33	6P	9	H
V	Xàtiva	23	4P	0.8	H
V	Gandía	49	-	1	V
V	Utiel	30	0	1.4	H
VA	Valladolid	26	6P	0.4	H
VI	Vitoria	50	10P	7	H
Z	Zaragoza	42	6P	20	H
Z	Calatayud	43	4P	0.3	V
ZA	Zamora	26	6P	112	H

Notas sobre os datos que aparecen nas columnas:

Localidade: zona principal de servizo das estacións emisoras.

Desprazamento de portadoras: cando aparecen subliñados indica que son de precisión (+/-1 Hz).

p.r.a.: indica a potencia radiada aparente máxima da estación expresada en quilowatt.

Pol.: indica o tipo de polarización da emisión, H: horizontal; V: vertical.

**13117** *ORDE ITC/2476/2005, do 29 de xullo, pola que se aproba o Regulamento técnico e de prestación do servizo de televisión dixital terrestre. («BOE» 181, do 30-7-2005.)*

O número terceiro da disposición cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, establece que

con carácter previo ao comezo da prestación do servizo de televisión dixital terreal será requisito indispensable a aprobación polo Ministerio de Fomento (na actualidade, esta competencia vén atribuída ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio) dos correspondentes regulamentos técnicos e de prestación dos servizos.

En desenvolvemento desa previsión legal, aprobouse a Orde do 9 de outubro de 1998 pola que se aproba o Regulamento técnico e de prestación do servizo de televisión dixital terreal, publicada no «Boletín Oficial del Estado» con data do 16 de outubro de 1998.

Non obstante, o Tribunal Supremo, en sentenza do 30 de decembro de 2004, anulou a citada orde por considerar que excede a habilitación normativa contida na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, ao regulárense nela materias que nada teñen que ver coas propias dun Regulamento técnico e de prestación de servizos de televisión dixital terrestre, ao conter a definición do réxime xurídico da televisión dixital terrestre e regular aspectos tan esenciais como as formas de xestión directa e indirecta do servizo, ou as condicións e os requisitos para o outorgamento da concesión, materias propias dun Regulamento